

## **ORDENANZA REGULADORA PARA A TENENCIA, DEFENSA E PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DE COMPAÑÍA.**

### **TENENCIA DE ANIMAIS E LIMITACIÓNS**

Para a elaboración desta ordenanza tívose en conta o decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxe en cativeidade.

Esta ordenanza contempla a lexislación autonómica no referente á responsabilidade civil da tenencia e control sanitario dos animais de compañía e a identificación e censo dos animais de compañía

#### **ARTIGO 1º.-**

A tenencia de animais domésticos ou de compañía en vivendas urbanas e outros inmobles estará condicionada a que as circunstancias hixiénicas do seu aloxamento sexan axeitadas á súa especie e características, e non conleven riscos para a saúde das persoas nin causen molestias, que non sexan as derivadas da natureza mesma do animal.

#### **ARTIGO 2º.-**

O número de animais que poidan aloxarse en cada domicilio ou inmobile poderá ser limitado pola autoridade municipal, en virtude de informes técnicos sanitarios que así o aconsellen, sempre de forma individualizada e suficientemente xustificada, e en orde de evita-los riscos e molestias referidos no artigo anterior, cumpríndose en todo momento.

### **OBRIGACIÓNS DO PROPIETARIO RESPONSABLE ( COIDADOS DO ANIMAL ).**

#### **ARTIGO 3º.-**

Os propietarios ou persoas que teñan baixo a súa garda e responsabilidade os animais, estarán obrigados a proporcionarlle-la alimentación suficiente e adecuada ás súas características e circunstancias, asistencia sanitaria, tanto preventiva como curativa, e un aloxamento apropiado ás súas necesidades, así como a asegurarlle o necesario descanso e o esparcexamento físico requirido pola súa especie e características individuais.

As persoas antes sinaladas están obrigadas a que os animais pasen as revisións e vacinacións, ordinarias ou extraordinarias, que legalmente se establezan e a súa verificación farase constar na cartilla sanitaria do animal.

### **ESTANCIA NOS LUGARES PÚBLICOS, ZONAS ACOTADAS E TRANSPORTES.**

#### **ARTIGO 4º.-**

a) Nas vías públicas e os espacios naturais protexidos os cans irán suxeitos con cadea ou correa.

- b) Queda expresamente prohibida a entrada ou estancia de animais domésticos en toda clase de locais destinados á fabricación, almacenamento, transporte, venda ou manipulación de alimentos.
- c) Queda asemade prohibida a entrada ou estancia de animais domésticos en restaurantes, bares, cafeterías e similares.
- d) Prohíbese a circulación ou a estancia de cans e outros animais nas piscinas públicas e locais de espectáculos públicos, deportivos e culturais e nos recintos escolares.
- e) Os titulares de estes locais deberán colocar na entrada dos establecementos e en lugar visible o sinal identificativa de esta prohibición.
- f) Quedan exentos das prohibicións anteriores os cans guía que acompañen a persoas invidentes.
- g) Nas praias do municipio prohíbese a circulación e permanencia de cans durante o período de baño e nos horarios de uso da mesma.
- h) Queda prohibido deixar as deposicións fecais dos cans nas vías públicas. Os propietarios de cans son responsables de recoller convenientemente os excrementos e depositalos ou ben en bolsas de Basora domiciliaria, ou ben naqueles lugares que a autoridade municipal destine expresamente a esta finalidade.
- i) Queda expresamente prohibido que os cans accedan ás zonas de xogo infantil das prazas e parques do municipio.
- j) Prohíbese lavar animais na vía pública e fontes, así como darlles de beber auga amourados ás billas das fontes públicas.

#### **ARTIGO 5º.-**

Sempre que non resulte prohibida ou especialmente limitada a súa estancia en lugares públicos, os responsables dos animais domésticos deberán exercer sobre aqueles un control suficiente e axeitado, en atención ás súas específicas características, para evitar que constitúan un efectivo risco para os cidadadáns e outros animais, utilizando cadea e buceira cando fose preciso.

As anteriores prevencións non serán de aplicación nos espazos e lugares expresamente acoutados para deixar soltos ós animais, e nas horas a tal fin sinaladas, sen prexuízo da responsabilidade, civil ou penal, que por calquera dano a terceiro puidese recaer sobre o responsable do animal.

#### **ARTIGO 6º.-**

Cando, por circunstancias excepcionais, e singularmente no caso de cans gardiáns de propiedades, non se encontren baixo control directo e inmediato do seu dono, deberán de adoptarse as medidas precisas para evitar que poidan causar danos a terceiros e especialmente ós nenos, con advertencia clara e visible da súa presenza e perigosidade e mantendo ó animal en condicións axeitadas de salubridade, alimentación e protección.

#### **ARTIGO 7º.-**

A estancia de animais nos transportes públicos quedará en todo momento regulado polo que cada empresa recolla no seu propio regulamento ou estatutos. De acordo coas disposicións vixentes e o dicte a autoridade competente en cada uns dos casos.

Os cans guía poderán circular libremente nos transportes públicos urbanos, sempre que vaian acompañados polo seu dono e cumpran as condicións hixiénicas, sanitarias e de seguridade que prevén as Ordenanzas.

#### **ARTIGO 8º.-**

O transporte de animais en vehículos particulares efectuarase de forma que non poida ser perturbada a acción do conductor nin se comprometa a seguridade do tráfico, con suxeición ás disposicións da Lei sobre Tráfico, Circulación e Seguridade Vial e normativa que a desenvolva.

#### **VENDA, REXISTROS, CONTROLES, IDENTIFICACIÓN.**

#### **ARTIGO 9º.-**

Prohíbese a venda de animais de compañía fóra dos establecementos autorizados ó efecto, ou por persoas que non posúan a correspondente licenza municipal.

#### **ARTIGO 10º.-**

Prohíbese o obsequio ou distribución de animais con fins de propaganda ou distribución comercial, como premios de sorteo e, en xeral, calquera tráfico cos animais distinto á venda en establecementos autorizados ou do obsequio individual e gratuíto entre persoas físicas.

#### **ARTIGO 11º.-**

Os establecementos legalmente autorizados para a cría ou venda de animais domésticos, deberán de levar un ou varios libros de rexistro, no que se farán, alomenos, as seguintes anotacións:

- a) Data de inscrición, procedencia, Especie, raza e, se é o caso, identificación individual, data de Baixa, e Destino.
- b) Animais que teñen entrada, con indicación de especie e número de animais adquiridos, ou, no seu caso, nados no propio establecemento, indicación da data de nacemento e adquisición e procedencia dos animais.
- c) Animais que teñen saída, con indicación de especie e número de animais vendidos, data da venda, datos de identificación do adquirente ou destinatario, para o suposto de non ser idéntica persoa, e marca individualizada de identificación, nos termos que se refiren no artigo 13º.
- d) Animais mortos durante a súa estancia no establecemento, con indicación de especie, número, data e causa estimada da morte.
- e) Os titulares dos establecementos deberán conservar eses libros durante un período mínimo de cinco anos, a partir da dilixencia de apertura, que se realizará nas dependencias municipais, e poñelos a disposición das autoridades competentes, cando foran requiridos para iso.
- f) Igualmente, as persoas responsables dos establecementos deberán enviar ó Concello, dentro dos quince días seguintes ó final de cada trimestre natural, unha

relación completa de tódolos animais nados, adquiridos, vendidos ou doados e falecidos, mediante copia firmada de tódalas anotacións correspondentes ó trimestre nos libros de rexistro.

#### **ARTIGO 12º.-**

Os establecementos autorizados deberán entrega-los animais desparasitados, libres de toda enfermidade, e coas vacinacións e tratamentos perceptivos, segundo a especie de que se trate, extremo que se acreditará mediante o pasaporte ou cartilla sanitaria.

#### **ARTIGO 13º.-**

Os animais vendidos, antes de abandona-lo establecemento, se non se fixese con anterioridade ó seu destete, deberán ser dotados dunha marca de identificación individualizada, indeleble e realizada co menor dano posible para o animal. No concello de Fene se opta polo sistema de identificación electrónico mediante a implantación dun microchip homologo, pola súa fiabilidade na identificación, sen sufrimento ningún para o animal.

#### **ARTIGO 14º.-**

O propietario dun can, sexa o primitivo adquirente ou persoa distinta daquel, está obrigado a censalo no Rexistro Municipal de Animais de Compañía, no prazo máximo de tres meses desde a data da súa adquisición, a fin de dotalo de cartilla sanitaria e placa de identidade, que será válida durante toda a súa vida, e na que figurará, necesariamente, a marca de identificación individualizada.

No concello de Fene se opta polo sistema de identificación electrónico mediante a implantación dun microchip homologo, pola súa fiabilidade na identificación, sen sufrimento ningún para o animal.

A fin de que o rexistro se corresponda en todo momento coa realidade, o propietario que faga doazón do seu animal a outra persoa, estará obrigado a comunicalo de forma inmediata ó Concello, e será considerado responsable legal, a tódolos efectos, en tanto non se producise a correspondente anotación de cambio de titularidade.

#### **ARTIGO 15º.-**

Para o suposto de que o establecemento vendedor non cumprise coa obrigación imposta polo artigo 13º., está obrigado a facelo o seu propietario, no prazo mais breve posible e a máis tardar, ó tempo de censar ó animal, con independencia da sanción que poida recaer sobre o obrigado principal e dos dereitos e accións que poidan asistir ó comprador fronte ó vendedor.

### **CONTROL DOS ANIMAIS E DEPOSICIÓN.**

#### **ARTIGO 16º.-**

Con independencia das prohibicións e obrigacións de control sobre os animais establecidas nos artigos 4º,5º,6º e 7º desta ordenanza, as persoas que conduzan animais domésticos polas vías públicas e outros lugares de titularidade ou concorrencia pública, estarán obrigados a adopta-las medidas adecuadas para evitar que manchen tales lugares coas súas deposicións.

A tal fin,os animais serán conducidos cara ás zonas e lugares ó efecto polo Concello, que serán habilitados en número suficiente e cunha distribución xeográfica axeitada para posibilita-lo cumprimento da presente obrigación.

Caso de non existir ou encontrarse excesivamente alonxados os lugares aptos para as deposicións, ou de non poder controlar ó animal, a persoa responsable está obrigada a retirar-los excrementos da vía pública.

## **VACINACIÓNS E CONTROLES SANITARIOS.**

### **ARTIGO 17º.-**

O Concello de Fene, de acordo coas directrices marcadas pola Administración autonómica, planificará e executará os programas e campañas de vacinacións e asistencia veterinaria procedentes, en colaboración co Servicio Veterinario Oficial.

### **ARTIGO 18º.-**

Toda persoa responsable dun animal está obrigada a cumprir coas medidas sanitarias e vacinacións precisas para a prevención de enfermidades, nos termos que en cada momento sexan ordenados polas autoridades competentes, aconselladas polos servicios veterinarios.

### **ARTIGO 19º.-**

Toda persoa ou establecemento que teñan baixo a súa garda a un animal, está obrigado, cando observe enfermidades presumiblemente infecto-contaxiosas ou parasitarias, a sometelos a control veterinario para que perciban oportuno tratamento sen prexuízo de medidas excepcionais que poidan acorda-las autoridades competentes en caso de pragas ou outras situacións extraordinarias.

### **ARTIGO 20º.-**

A verificación das vacinacións e tratamentos veterinarios aplicados faranse constar na cartilla sanitaria correspondente ó animal.

### **ARTIGO 21º.-**

Os animais que non fosen sometidos ás campañas de vacinación, controles e tratamentos veterinarios previstos, así como aqueles que se encontren en estado de atención insuficiente, segundo os termos do artigo 3º poderán ser recollidos polos servicios municipais, a fin de proporcionarlle, a costa do seu propietario, as atencións e cuidados necesarios, con independencia das sancións económicas que no seu caso procedan ,e sen prexuízo da confiscación definitiva do animal, se a iso houbera lugar.

## **MORTE, DESAPARICIÓN E RECOLLIDA DE ANIMAÍS.**

### **ARTIGO 22º.-**

A morte ou desaparición dun animal deberá ser comunicada de forma inmediata ó Rexistro Municipal de Animais de Compañía, por parte de quen o teña ó seu cargo, con independencia do especialmente disposto para os establecementos de cría e venda de animais.

### **ARTIGO 23º.-**

Caso de non ser posible a inhumación do animal falecido por medios propios, a morte deberá ser inmediatamente comunicada ós servicios municipais correspondentes, para proceder a súa retirada.

### **ARTIGO 24º.-**

Os propietarios de animais de compañía que non desexen continuar posuíndoos e non encontren un novo responsable, están obrigados a entregalos directamente ó servicio municipal correspondente ou ás sociedades legalmente constituídas e dedicadas á recollida e coidado dos animais, evitando en todo momento o abandono.

### **ARTIGO 25º.-**

Sen prexuízo das normas propias do Dereito Civil, terán a consideración de animais abandonados aqueles que non teñan dono ou responsable coñecido, non se encontren censados e circulen libremente, sen presenza do seu responsable nin sinais ou marcas que permitan a súa identificación.

### **ARTIGO 26º.-**

Os animais domésticos ou de compañía que se encontren nas circunstancias referidas no artigo anterior, así como aqueles que os seu donos non desexen continuar posuíndoos, nos termos do artigo 24º, serán aloxados nas dependencias adecuadas que ó efecto determine a autoridade municipal ou de sociedades protectoras legalmente constituídas, nos termos que se conveñan co Concello de Fene, e proporcionaráselles alimentación, atencións e coidados veterinarios adecuados mentres permanezan nos albergues de acollida. No caso de non ser posible o seu aloxamento, procederase á eliminación do animal polos servicios veterinarios correspondentes, evitando sempre calquera forma de crueldade ou sufrimento. Unha vez recollido, un animal presuntamente abandonado, a Administración competente ou entidade colaboradora, terá un prazo de 20 días, para localiza-lo se dono o darlle o destino mais conveniente.

Durante este prazo ó seu propietario poderá recuperalo, logo de aboa-los gastos que lle ocasionase ó concello pola súa custodia e mantemento.

### **ARTIGO 27º.-**

Os responsables dos albergues en que se encontren acollidos animais, municipais ou particulares, están obrigados a:

- a) Ter ós animais aloxados en condicións adecuadas, con observancia das normas hixiénico sanitarias, e coa separación ou illamento necesario para evitar que se agredían entre si.
- b) Proporcionarlles alimentación regular e suficiente, de conformidade coas esixencias de cada especie ou exemplar.
- c) Asegurarlles asistencia veterinaria, tanto de carácter preventivo como curativo.
- d) Proporcionarlles posibilidades de expansión física, dispoñendo o necesario para que permanezan soltos, dentro das dependencias acoutadas, nas horas e do modo máis convinte e, no seu caso, establecemento quendas, segundo as condicións do albergue.
- e) Evita-la reprodución incontrolada, procedendo á esterilización das femias que ingresen no albergue, salvo que fosen reintegradas ó seu propietario ou adxudicadas a un novo no prazo máximo de 30 días.
- f) Tratar de encontrar novos fogares de acollida para os animais sometidos a súa tutela. En todo caso, os animais serán entregados ó seu novo responsable, condicionando a tenencia ó cumprimento das obrigacións establecidas na presente ordenanza.
- g) Cumprir coas obrigacións relativas á identificación e inscrición dos animais no censo, se non o fixesen con anterioridade, e comunicar calquera modificación que se produza.
- h) Asumir, respecto do animal e de terceiros, tódalas obrigacións establecidas nesta ordenanza para os propietarios de animais, ata o seu falecemento.
- i) Facilitarlles, cando o seu estado de saúde o faga imprescindible ou o impoñan circunstancias extraordinarias, unha morte incruenta, aplicando métodos rápidos e indoloros.

## **DANOS A TERCEIROS E CORENTENA.**

### **ARTIGO 28º.-**

No suposto de que un animal doméstico ou de compañía ocasione danos persoais a terceiros, o seu propietario ou persoa responsable está obrigado a facilitar, a requirimento dos servizos municipais, a identidade e cartilla sanitaria do animal, así como a presentalo nos servizos veterinarios, a fin de proceder ó seu exame e sometelo a observación durante o tempo necesario.

Comunicalo, nun prazo máximo de 24 h, posteriormente aos feitos, á área de sanidade do animal.

Todo iso con independencia, das responsabilidades, penais ou civís en que o responsable puidera incurrir.

### **ARTIGO 29º.-**

Na defensa e protección dos animais, e para o cumprimento dos fins previstos nesta ordenanza, singularmente no referente á recollida, coidados e recolocación de animais abandonados, o Concello de Fene colaborará coas asociacións de defensa e

protección dos animais legalmente constituídas, dentro do ámbito competencial de cada unha delas.

#### **ARTIGO 30º.-**

A colaboración coas sociedades protectoras queda condicionada a que as mesmas manteñan as súas instalacións en condicións hixiénicas axeitadas e cumpran cos fins que teñan encomendados, legal e estatutariamente.

#### **EXECUCIÓN SUBSIDIARIA DAS OBRIGACIÓNS.**

#### **ARTIGO 31º.-**

Para o suposto de incumprimento, por parte do propietario ou responsable do animal, ou das asociacións referidas no artigo anterior, das obrigacións que lle imponen a presente ordenanza, os servicios municipais poderán proceder, de oficio ou previa denuncia de particulares ou das asociacións de defensa e sociedades protectoras de animais legalmente recoñecidas, á retirada do animal e o seu traslado a un albergue de acollida.

Nestes casos, o Concello de Fene procederá á execución subsidiaria das obrigacións atinentes ós propietarios, a costa daqueles, de quen se esixirá o reintegro dos gastos ocasionados pola vía de constrinximento, con independencia das sancións ou confiscación definitiva do animal, se procedese.

#### **SANCIÓNS.**

#### **ARTIGO 32º.-**

As condutas contrarias a esta ordenanza cualifícanse como faltas moi graves, graves e leves.

#### **ARTIGO 33º.-**

Considéranse faltas moi graves, ademais de non cumprir coas obrigacións impostas nos artigos 18,19,25 e 30 desta ordenanza, as seguintes condutas:

- a) Facer vítima a calquera animal de crueldades, ocasionarlles sufrimento, sometelo a malos tratos e causarlle-la morte, salvo no suposto de eutanasia recomendada e aplicada polo veterinario.
- b) Desatender ós animais dos que se sexa responsable, non proporcionarlle-lo aloxamento e alimentación axeitados, privarlles do descanso e esparexemento físico necesarios, descoida-los coidados sanitarios e, en xeral , incumpri-las obrigacións de atención cara ós animais que lles impón a presente ordenanza.
- c) Organizar pelexas entre animais oi incitalos a elas.
- d) Incitar ós animais a acometer ás persoas ou causar danos nas cousas.
- e) A Venda de animais con enfermidades infecto – contaxiosa coñecida, a venda para experimentación sen a debida autorización.
- f) A reiteración dunha falta grave.

#### **ARTIGO 34º.-**



Son faltas graves o incumprimento do establecido nos artigos 4,6,11,13,14,16, desta ordenanza, a seguintes conductas:

- a) O maltrato dos animais que lle cause dor ou lesións
- b) Mutilacións se necesidade ou se o axeitado control veterinario.
- c) Abandonalos.
- d) A venda ambulante reiterada de animais de compañía fóra dos establecementos autorizados ó efecto.
- e) A subministración de estimulantes non autorizados, ou sustancias que poidan atender contra a súa saúde.
- f) A non Vacinación ou non tratamento obrigatorio do animal.
- g) A venda de animais enfermos, salvo que se trate dun vicio oculto.
- h) A cría ou comercialización de animais se cumprir os requisitos correspondentes.

#### **ARTIGO 35º.-**

Son faltas leves a seguintes conductas:

- a) O maltrato dos animais que non lle cause dor.
- b) A venda doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos.
- c) A doazón de animais de compañía como premio.
- d) Non manter ós animais en boas condicións hixiénico – sanitarias.
- e) Mantelos en instalación inadecuadas.
- f) Non lle facilitar alimentación axeitada a súas necesidades.
- g) Exercer a venda ambulante.
- h) Non ter completa o arquivo de fichas clínicas do animal.
- i) A posesión dun animal non censado.
- j) A posesión dun animal sen o correspondente microchip.
- k) Calquera outra actuación que vulnere o disposto nesta ordenanza e que non estea tipificada como infracción grave o moi grave.

#### **ARTIGO 36º.-**

Unha falta será tipificada como grave inmediatamente superior cando o infractor desatendese o requirimento para emenda-la situación motivo de sanción.

Así mesmo, será causa de agravamento o incumprimento dos preceptos desta ordenanza en situacións epidemiolóxicas especiais.

#### **ARTIGO 37º.-**

As infraccións indicadas no capítulo anterior serán sancionadas con multas de :

- a) As Leves de 50 a 300 .
- b) As graves de 301 a 3.000
- c) As moi graves de 3.001 a 15.000

#### **ARTIGO 38º.-**

A graduación das multas dentro de cada grao:

- a) Ó alcalde do concello para as infracción leves.
- b) O director Xeral produción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias, para infraccións graves
- c) O Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, para as moi graves.

#### **ARTIGO 39º.-**

A comisión de calquera das infraccións reseñadas como faltas moi graves poderá levar aparellada a retirada do animal, e a súa confiscación definitiva, se a iso houbera lugar, atendidas as circunstancias concorrentes.

#### **ARTIGO 40º.-**

Cantas persoas presenciaren ou teñan coñecemento da comisión de feitos contrarios a esta ordenanza, teñen o deber de denunciar ós infractores, podendo poñerlos feitos en coñecemento dos axentes municipais ou das sociedades colaboradoras.

O mesmo deber esténdese ós responsables das asociacións de defensa e sociedades de protección dos animais que coñezan de tales feitos, directamente ou por denuncia cursada por terceiros.

#### **ARTIGO 41º.-**

Para a imposición das sancións correspondentes ás infraccións previstas na presente ordenanza, seguirase o procedemento sancionador de acordo coa Lei de Procedemento Administrativo.

### **DISPOSICIÓN FINAIS.**

#### **PRIMEIRA.**

A Alcaldía queda facultada para dictar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

#### **SEGUNDA.**

Os gastos de recollida, mantemento e vixilancia, serán os que se fixen en cada momento na ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de recollida, mantemento e vixilancia de animais de compañía.

#### **TERCEIRA.**

Co fin de confeccionar-lo censo municipal canino, quedan obrigados os posuidores de cans a declara-la súa existencia, utilizando ó efecto o modelo que facilitará o Concello e que figura como anexo á presente ordenanza.

### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA.**

Quedan derogadas todas cantas disposicións do mesmo e inferior rango, regulen materias contidas na presente ordenanza en canto se opoñan ou contradigan o contido da mesma.

**APROBACION E VIXENCIA.**

1.- A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación.

2.- A presente ordenanza, que consta de corenta e un artigos foi aprobada provisionalmente polo Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día catorce de novembro de dous mil dous.

**Vº E PRACE,  
O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**